



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZ.

NÚM. 08/2010

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D^a Ana A. Incera Ares. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D^a. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p> <p><u>NON ASISTEN</u> D. Xaime Cancio Rodríguez. D. Balbino Fernández López.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 19:45 horas do día vinte de agosto de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	--

1. MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DO COMPLEXO DA PISCINA CLIMATIZADA DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 16 de agosto de 2010, sobre a modificación do contrato de concesión da xestión, explotación e mantemento do complexo da piscina climatizada de Foz.

Toma a palabra o portavoz do PP que manifesta que, examinado o informe do Interventor, ven que cando se adjudicou a contratación se tiveron en conta as tarifas, polo que se perxudica a outras empresas que nese momento ofertaron un prezo mais alto, polo que van votar en contra.

A continuación intervén o portavoz do BNG que recorda que a Corporación acordara celebrar o Pleno extraordinario a primeira semana de agosto e, sen previo aviso o convocou esta semana; non entenden como o Alcalde, despois do informe que obra no expediente, segue apoiando á empresa, xa que a suba que piden de persoal, gas e luz está inxustificada e contradi sentencias do Tribunal Supremo. Prosegue dicindo que a modificación é inxusta porque vulnera os principios básicos da contratación administrativa e pon por riba os intereses privados sobre os públicos. A maiores, o que non preocupou é si se cumpriu ou non co contrato, por exemplo en relación ao persoal, á inversión das melloras e respecto á obriga da empresa de presentar ante o Concello un informe anual. Para finalizar a súa intervención lle



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

pregunta ao Sr. Alcalde que fixo ata agora para certificar que a empresa cumpriu coas obrigas establecidas nos pregos do contrato e na oferta presentada e anuncia que o seu grupo vai votar en contra.

O Sr. Alcalde lle contesta que é a negación da política, se collese un goberno non habería nin un servizo público. Lle recorda que xa non quería que se abrixa a piscina e agora que a creou un goberno socialista, quere pechala, que vaia mal; lle di que leva catro anos criticando todo e é incapaz de aprobar nada e a xente se pregunta se o BNG de Foz trouxo algún servizo a Foz cando estivo o BNG na Xunta. Responde el mesmo que nin un só. Que non viñera un concelleiro do BNG non ten importancia, tamén no PSOE falta outro concelleiro e non lle dan importancia a iso. O motivo de que o pleno se celebre hoxe e non en setembro é que si non se cumpren os prazos da piscina. Prosegue recriminándolle ao portavoz do BNG que incluso critica que un alcalde vaia vestido de superman en un concurso, criticando tamén ás 1.125 persoas que estaban alí apoiando ao Alcalde. Explica que a Concelleira de Deportes coñece de primeira man o asunto da piscina, xa que estivo día tras día reuníndose con el para ver coma se podía solucionar o asunto e o resto de Concelleiros do Equipo de Goberno traballan duro na súas respectivas concellerías, polo que lle pide que deixe de criticar ao Equipo de Goberno porque si non o vai encontrar noutro lado. Conclúe dicindo que o seu grupo vai manter a postura e que sabe que o portavoz do BNG vai votar a todo que non.

O portavoz do PP di que non hai unha previsión dende o principio baseada para pedir a suba, así que o seu grupo segue coa mesma postura.

O portavoz do BNG explica que é misión dos grupos da oposición fiscalizar a acción do Equipo de Goberno. Lle di ao Sr. Alcalde que hai quen di por aí que perdeu os papeis e que están criticando nese caso a acción do Goberno porque o papel do Alcalde é defender o interese do Concello, non das empresas. E xa que se mencionou o urbanismo lle recorda que os redactores do PXOM dicían que o urbanismo de Foz non defendía os intereses públicos. Concluindo, lle di que fora das valoracións subxectivas que continuamente lanza contra el o Sr. Alcalde, porque a palabras necias oídos xordos, o seu grupo vai votar en contra.

O Sr. Alcalde lle replica que o que quere o portavoz do BNG é que a piscina vaia mal, quere que o contratista se afogue; explica que el non defende a ningún contratista pero que para que haxa traballo en Foz ten que haber empresas. Di que apeas coñece ao empresario da piscina, o veu o día da sinatura do contrato e outro día que se reuniu con el, pero o portavoz do BNG nada mais que sabe dicir que non. E a propósito do tema de urbanismo, lle di ao Sr. González Basanta que foi el quen votou ao tacho o plan de As Torres, e iso agora xa non hai que o salve, houbo que retirar o plan e hoxe a xente laméntase. Recordando cando co PXOM o portavoz do BNG lle tirou á xente enriba dicindo que tiraba casas e pregunta que agora onde estamos, con tres planes sobrevoando Foz e con unha revisión da Lei do Solo que ven aí. Di que a súa política urbanística sería mala, pero levaba á xente á riqueza. O seu grupo vai votar a conciencia, como fixo sempre, xa que nunca quixo que os veciños tiveran malos servizos e se farán adecuacións nas instalacións. Conclúe dicindo que respecto ás referencias do empresario, non teñen nada, as empresas crean traballo, e o seu grupo votará a favor e si non sae adiante o asunto o aceptarán.

Concluído o debate se somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Votos en contra: 6 (4 PP e 2 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando non aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. – Aprobar o expediente de modificación do contrato de concesión da xestión, explotación e mantemento do complexo da piscina climatizada de Foz, consistente na modificación das taxas. A modificación terá efectos a partir do día da publicación da aprobación definitiva das novas taxas no BOP.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura da modificación.

TERCEIRO.- Notificar ao adxudicatario do contrato o presente acordo, citarlle para a formalización da modificación do contrato que terá lugar en Alcaldía o día 1 de setembro de 2010, ás 12:00 horas.

2. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 16 de agosto de 2010, sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de piscina municipal e instalacións deportivas.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Votos en contra: 6 (4 PP e 2 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando non aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de piscina municipal e instalacións deportivas, quedando redactados os artigos modificados da devandita Ordenanza co seguinte detalle:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Artigo 6º.- Tarifas.-

Á contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

CADRO DE TARIFAS

PISCINA MUNICIPAL DE FOZ	TARIFAS
ABONOS PISCINA MUNICIPAL	SOCIOS
FAMILIAR TITULAR	24,64 €
FAMILIAR CÓNXUXE	4,12 €
FILLO (-18 AÑOS)	4,12 €
ABONO XOVE	19,93 €
ABONO INDIVIDUAL	25,18 €
ABONO 3º IDADE E DIMINUÍDOS	18,32 €
ABONO MATINAL	19,34 €
MINUSVÁLIDOS	50% de desconto



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ENTRADAS			
ENTRADA LIBRE (+18,-60)		4,23 €	
ENTRADA REDUCIDA (-18,+60)		2,79 €	
MATRICULAS			
MATRICULA ABONADO		25,76 €	
MANTEMENTO MATRICULA		11,68 €	
MATRICULA CURSO ABONADO		11,68 €	
MATRICULA CURSO EVENTUAL			23,41 €
CURSOS PISCINA			
	DÍAS	SOCIOS	EVENTUAIS
NATACIÓN BEBES	1	10,55 €	21,10 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	1	5,25 €	10,50 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	2	10,55 €	21,10 €
NAT. NENOS (3-16 AÑOS)	3	15,75 €	31,50 €
ESCOLA DE COMPETICIÓN	3	15,21 €	30,42 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	2	10,55 €	21,10 €
NAT. ADULTOS (16-60 AÑOS)	3	15,75 €	31,50 €
NAT. TERCEIRA IDADE	2	5,73 €	16,02 €
NAT. TERCEIRA IDADE	3	11,73 €	23,41 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	2	10,55 €	21,10 €
NAT. RECUPERAC. FUNCIONAL	3	15,75 €	31,50 €
AQUAGYM	2	11,73 €	23,41 €
MATRONATACIÓN	2	GRATIS	GRATIS
DIMINUÍDOS	2	9,11 €	25,71 €
VERÁN ADULTOS (QUENDA)	10	14,68 €	29,25 €
VERÁN INFANTIL (QUENDA)	10	11,73 €	23,41 €
ALUGUER DE RÚA/HORA		17,57 €	23,41 €
CURSOS SALA USOS MÚLTIPLES			
	DÍAS	SOCIOS	EVENTUAIS
EDUCACIÓN FÍSICA DE BASE	2	9,96 €	19,93 €
HABILIDADES XIMNÁSTICAS	2	9,96 €	19,93 €
DANZA	2	9,96 €	19,93 €
FITNESS	2	9,96 €	19,93 €
ARTES MARCIAIS	2	9,96 €	19,93 €
ACTIVIDADES GRATUITAS PARA SOCIOS			
STRECHING	2	GRATIS	19,93 €
STRECHING	3	GRATIS	23,41 €
XIMNASIA 3ª IDADE	3	GRATIS	18,75 €
XIMNASIA MANTEMENTO	2	GRATIS	19,93 €
XIMNASIA MANTEMENTO	3	GRATIS	23,41 €
AEROBIC	2	GRATIS	19,93 €
AEROBIC	3	GRATIS	23,41 €
TONIFICACIÓN	2	GRATIS	23,41 €
STEP	2	GRATIS	19,93 €
BODYCOMBAT	3	GRATIS	19,93 €

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a nova redacción dos artigos da Ordenanza Fiscal afectada, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

Finalizado o período de exposición pública, o concello adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentasen e aprobará a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentasen reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Os acordos definitivos a que se refire o parágrafo anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da modificación, publicaranse no boletín oficial da provincial, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación

3. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 4/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 16 de agosto de 2010, sobre o recoñecemento extraxudicial de crédito 4/2010.

O portavoz do PP anuncia que o seu grupo vai manter a mesma postura en contra que na Comisión Informativa baseándose no informe de Intervención, xa que están de acordo con que as empresas teñen que cobrar, pero non están de acordo coa forma.

O Sr. Alcalde lle pregunta ao Sr. Fernández Manín si no informe pon por algún sitio se iso é ilegal. Prosegue a súa intervención dicíndolle ao Sr. González Basanta que non se ría, que iso é unha opinión do Interventor e por agora non dixo que problema tiñan as facturas.

O portavoz do PP explica que, segundo o artigo 95 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os expedientes teñen que ter uns requisitos.

Replícalle o Sr. Alcalde que ten atribucións da Lei para aprobar só con factura ata unha cantidade, que é diferente para obras e para subministros.

O portavoz do PP contéstalle que ve facturas de tres ou catro empresas que son as que habitualmente traballan para o Concello.

Toma a palabra o portavoz do BNG para dicir que, volvendo ao tema da democracia, esto xa se trouxo ao Pleno do 29 de xullo e o volve a traer a este, porque pensaba aprobalo pola porta de atrás. A pesar de que o Alcalde di que o está facendo ben, con este recoñecemento extraxudicial o que está demostrando é que non ten control do gasto. Dirixíndose ao Sr. Alcalde manifesta que o servizo de Intervención é do Concello, non de el. Se gasta sen consignación orzamentaria vulnerando a Lei e resultando nulos de pleno dereito os acordos, se sobrepasan os créditos consignados e moitas das facturas, continuamente todos os anos, non cumpren os mínimos requisitos legais, como por exemplo as facturas de Rúa Paco Mañón e do punto limpo, non levan o conforme dos técnicos municipais.

O Sr. Alcalde contesta que non teñen porque levala, xa levan a de el.

O Sr. González Basanta lle replica que el non é técnico municipal; que non a leven significa que non hai control, coa nave de Fazouro pasa unha e outra vez.

O Sr. Alcalde dille que non o quere ver na inauguración.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do BNG manifesta que vai a ir, porque ten todo o dereito; se trata dun fraccionamento do contrato; e na rúa Valle Inclán claro que houbo que modificar a obra.

Contéstalle o Sr. Alcalde que está mentindo, que non le a documentación.

O portavoz do BNG pregunta que si non se fixo a preceptiva modificación do contrato non o están facendo mal. Manifesta que pode haber contratos nas facturas, pero se pregunta como é posible que haxa dúas de 2008. Conclúe dicindo que os únicos responsables de que o recoñecemento extraxudicial non se aprobe é o Equipo de Goberno.

O Sr. Alcalde pregunta cal é a irresponsabilidade e di que o Sr. González Basanta non foi nin a ver as obras, que non sabe onde están.

O portavoz do BNG lle aconsella ao Sr. Alcalde que controle o gasto, que respete a Lei e que governe para todos e non para uns poucos. Di que esas son as tres leccións que o seu grupo deixa enriba da mesa, aínda que caerán en saco roto e o Sr. Alcalde seguirá tendo esa actitude tan irresponsable.

O Sr. Alcalde insístelle ao portavoz do BNG que el vota en contra nese proceso dos 25 e non hai maneira. A continuación, explica unha por unha as facturas:

1.- Factura de Construcciones CARFERLO, por un importe de 494,84 €, pola realización da obra de conexión de rede pluviais Rúa Valle Inclán, na que o Arquitecto Municipal informa que "...houbo que prolongar a rede de pluviais ata as proximidades dun punto de vertido existente, onde si foi posible localizar a canalización existente...". O Sr. Alcalde explica que se podía atascar a rede e non a ían deixar tapoada; a Lei permítelle actuar en necesidades urxentes e ademais está asinada polo Arquitecto; non oíu a ninguén que dixera que non estaba posto o tubo, Pregúntalle ao Sr. González Basanta que vai dicir coma Alcalde se o Arquitecto di que hai que facer iso e se lle gustaría se tivese unha empresa que lle pasara iso.

2.- Factura de Construcciones CARFERLO, por un importe de 8.402,49 €, da rede de pluviais Rúa Valle Inclán.

3.- Factura de Instalaciones y Montajes eléctricos Blanco Villar, por importe de 3.592,44 €. O Sr. Alcalde aclara que iso está posto no punto limpo, e lle di ao Sr. González Basanta que se ten algún problema que lle denuncie.

4.- Factura de Construcciones CARFERLO, por un importe de 6.774,40 €, da obra na Rúa Paco Mañón, que tamén está asinada polo técnico.

5. e 6- Factura de Ibersa Pinturas, por un importe de 10,05 € e 1,10 €, pola compra de unhas brochas e ieso, e está asinada por Cándido. Manifesta que ninguén entende iso.

7.- Factura de Construcciones CARFERLO, por un importe de 8.458,72 €, da obra de reparación de acceso á Capela de Cangas. Explica que está asinada polo técnico municipal. Lle di ao portavoz do BNG que minte e ademais hai un informe do Capataz Municipal..

O portavoz do BNG di que ten unha explicación, e pregunta se o conforme é do Capataz Municipal ou do técnico.

O Sr. Alcalde aclara que é Capataz pero é enxeñeiro superior.

O portavoz do BNG segue preguntando se no Concello é técnico ou capataz e dille ao Sr. Alcalde que nin le os informes de Intervención.

O SR. Alcalde respóndelle que, a diferenza de el, os le e lles fai caso.

8.- Factura de Bahía S.L., por importe de 61,41 € de materiais, asinados os vales polo



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Capataz Municipal. Pregunta se hai algún problema.

O portavoz do BNG contéstalle que si, aclarar se é técnico ou capataz.

O Sr. Alcalde manifesta que é capataz suficientemente cualificado para asinar.

9.- Factura de MRW, por importe de 47,55 €.

10.- Factura de papelería Papiro S.L., por un importe de 237,22 €, pola compra de material para a oficina técnica, asinado polo Aparellador.

11.- Factura de Arte Fersuem, por importe de 60 €, factura complementaria da realización de uns cursos, conformados pola Concelleira. O Sr. Alcalde pregunta cando lle van a pagar os traballos a esta señora que xa os realizou.

12.- Factura de Aluminios Pemar S.L., por importe de 43,55 €, de comprar uns metros de tubo.

13.- Factura de Celso Míguez, por importe de 431,93 €, pola compra de un aspirador para aspirar na sala Bahía para o festival do Asilo, asinado por Couto.

14.- Factura de Celso Míguez, por importe de 395,42 €, pola compra de material de pintura para que os reinsertados pintasen.

15.- Factura de Miguel Angel Mosquera Novo, por importe de 2.180,8 €.

16.- Factura de Ferretería Fuente, por importe de 1.167,20 €, pola compra de 2 chaves camión, martelo, pata de cabra e 60 cadeados.

17.- Factura de Excavaciones Matías S.L., por importe de 2.403,52 €, polo arranxo dos sumidoiros na Rúa Barreiros. O Sr. Alcalde manifesta que a factura é do 23 de decembro, probablemente cando se pasou a factura xa non había colchón orzamentario. Di que non entende por que non se lle paga, e que leva traendo dous anos os orzamentos sen ningunha proposta alternativa.

18.- Factura de SOGAMA, por importe de 16.503,70 €, do mes de novembro de 2009.

19.- Factura de Limpiezas Lema S.L.U., por importe de 2.046,24 €, pola limpeza dos colexios. O Sr. Alcalde di que é necesario contratar unha empresa para que vote unha man, todo o mundo sabe que o Concello lle paga aos colexios a limpeza, o mantemento e a electricidade.

20.- Factura de D. Ramiro Cociña Orol, por importe de 4.040 €, polos honorarios profesionais de redacción de proxecto. O Sr. Alcalde manifesta que quizais esa factura se puido evitar, pero igual o Concello perdía a cesión que agora fan facer os propietarios gratuitamente.

21.- Factura de Miguel Angel Mosquera Novo, por importe de 6.987,84 €, por traballos de pintura e materiais no colexio de Nois. O Sr. Alcalde di que se van inverter 20 millóns das antigas pesetas, o Equipo de Goberno se preocupa pola educación, e viño un informe da Xunta de que era necesario pintar e coma non se ía pintar, se volvería a facer mañá se nos chamasen.

22.- Factura de COMFICA, por importe de 9.906,55 €, por mantemento e conservación do alumeadado público. Explica o Sr. Alcalde que ese contrato se acordou adxudicalo ao contratista actual por todos os grupos da Corporación na mesa de contratación, por ser a oferta mais vintaxosa.

23.- Factura de Talleres Hnos. Río Cabaleiro S.A., por importe de 1.128,41 €, pola



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

reparación de a pala.

24.- Factura de Excavaciones Clement, por importe de 13.265,41 €. O Sr. Alcalde di que houbo un retraso na factura por parte da empresa e despois xa non se podía meter na contabilidade. Lle recrimina ao Sr. González Basanta que fale do obradoiro, xa que se realizou con moito sacrificio e a escola obradoiro non necesita ir a un concurso para facer a obra, o que necesita son materiais, e lle aconsella que vaia ver a nave, que é a envexa dos empresarios.

25.- Factura de Talleres Hnos. Río Cabaleiro S.A., por importe de 1.059,46 €, polo arranxo do camión.

Para finalizar a súa intervención O Sr. Alcalde anuncia que ese expediente vai ir ata que remate a lexislatura a todos os Plenos e os empresarios se van á xustiza o teñen gañado, pero con unha diferenza, que despois teñen dereito aos intereses.

Rematado o debate se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Votos en contra: 6 (4 PP e 2 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando non aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 04/2010 por importe de **104.724,45 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

As facturas a legalizar son as que se inclúen na relación de facturas 26 de 2010 incluídas neste expediente que comezan pola factura de CONSTRUCCIONES CARFERLO SL por importe de 8.458,72 euros e rematan pola de BAHÍA SL. por importe de 61,41 euros, constando de 3 páxinas, e un importe total de 104.724,45 euros.

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2010 unha vez aprobado definitivamente o expediente 21/2010 de modificación do mesmo, os créditos aprobados, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados, nas que se realizará a correspondente retención.

4. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 21/2010.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos de Pleno en sesión celebrada o 16 de agosto de 2010, sobre a modificación de crédito 21/2010.

Non habendo intervencións se somete o asunto a votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Votos en contra: 6 (4 PP e 2 BNG).
- Abstencións: ningunha.

Resultando non aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 21 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado de 2010 por importe de setenta e cinco mil trescentos setenta e seis euros e cincuenta e catro céntimos (75.376,54 €), que se financia co saldo do remanente de tesourería de libre disposición que provén da liquidación do orzamento do exercicio precedente, de acordo coa seguinte proposta:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

MODIFICACIÓN NÚMERO 21 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA 2010.

SUPLEMENTO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
422.212	Educación. Reparación e conservación de edificios e outras instalacións	12.664,26	6.987,84	19.652,10
432.213	Urbanismo e arquitectura. Reparación de maquinaria, instalacións	102.256,03	9.906,55	112.162,58
442.22711	Recollida de lixo e limpeza viaria. Tratamento de lixo	277.270,44	16.503,70	293.774,14
442.62300	Recollida de lixo e limpeza viaria. Reelectrificación punto limpo	0,00	3.592,44	3.592,44
511.210	Vías públicas. Reparación e conservación	173.488,21	6.774,40	180.262,61
511.60106	Vías públicas. Inversión en estradas e camiños	0,00	23.152,89	23.152,89
511.60110	Vías públicas. Inversión en estradas e camiños	105.429,22	8.458,72	113.887,94
Total expediente de modificación de créditos 21/2010				75.376,54

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
870.00	Remanente de Tesourería para financiar créditos extraordinarios	113.025,00	26.745,33	139.770,33
870.01	Remanente de Tesourería para financiar suplementos de crédito	259.758,85	48.631,21	308.390,06
Total financiamento expediente de modificación de créditos 21/2010				75.376,54

Segundo. - O expediente impulsarase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21:00 horas do día vinte de agosto de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.

